



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00008533S.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratificación da urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2018.

Reaxuste anualidades contrato: Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (2018-2020) Lote 3: viarios sen pavimentos de rodaxe específicos CON/18/2018

Acórdase reaxustar as anualidades 2018, 2019 e 2020 do LOTE 3, adaptándoas á realidade do prazo de execución definitivo do contrato e das certificacións das relacións valoradas correspondentes ás actuacións executadas nos anos 2019 e 2020, do seguinte xeito:

- Anualidade 2019: 112.916,97 euros (certificacións do 1 ao 11)
- Anualidade 2020: 127.845,58 euros (certificacións do 12 ao 23)
- Anualidade 2021. 59.237,43 euros.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2018.

Prórroga contrato: Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote medio rural. LOTE 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos. CON/18/2018.

Acórdase prorrogar o contrato suscrito coa empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL; para a prestación do servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020).

LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos: Sublote medio rural.

LOTE 3: Viarios sen pavimento de rodaxe específicos, polo prazo dun ano a contar dende o 26 de febreiro de 2021.

O gasto necesario financiarase do seguinte xeito, quedando condicionado á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote medio rural. Anualidade 2021- 127.083,33 euros/ anualidade 2022- 22.916,67 euros.

Lote 3: Viarios sen pavimento de rodaxe específicos. Anualidade 2021- 127.083,33 euros/ anualidade 2022- 22.916,66 euros.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2018.

Prórroga contrato: Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020).). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos: sublote barrios e obras. LOTE 2: Viarios con pavimentos non asfálticos. CON/18/2018

Acórdase prorrogar o contrato subscrito coa empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL; para a prestación do servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020).

LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos: sublote barrios e obras.

LOTE 2: Viarios con pavimentos non asfálticos, polo prazo dun ano a contar dende o 26 de febreiro de 2021.

O gasto necesario financiarase do seguinte xeito, quedando condicionado á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote barrios e obras. Anualidade 2021- 338.888,89 euros/ anualidade 2022- 61.111,10 euros.

Lote 2: Viarios con pavimentos non asfálticos. Anualidade 2021- 254.166,67 euros/ anualidade 2022- 45.833,32 euros.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/110/2018.

Aprobación da proposta de reanualización de partidas orzamentarias do contrato de servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar o reaxuste das anualidades dos Lotes I e II do contrato de “Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela” asinado coa empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, adaptándoas á realidade do prazo de execución definitivo do contrato e das certificacións das relacións valoradas correspondentes as actuación executadas nos anos 2019 e 2020, do seguinte xeito:

• Anualidade 2019:

Lote I: 547.361,67 € (certificacións nº 1 a nº 11).

Lote II: 293.310,09 € (certificacións nº 1 a nº 11).

• Anualidade 2020:

Lote I (urbano): 384.239,01 € (certificacións nº 12 a nº 23).

Lote I (rural): 149.280,70 € (certificacións nº 12 a nº 23).

Lote II: 304.756,27 (certificacións nº 12 a nº 23).

• Anualidade 2021:

Lote I (urbano): 15.760,99 €

Lote I (rural): 719,30 €

Lote II: 1.933,54 €

6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00008533S.

Solicitude a AGADER-Xunta dunha axuda por importe de 54.024,00 euros, para o financiamento do proxecto “Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).

Aprobouse o proxecto da obra “Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira)”, que conta cun orzamento de 54.024,00 euros, máis IVE de 11.345,04 euros, o que suma un total de **65.369,04 euros**. O prazo de execución é de dous meses. Acordouse participar no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 aprobado por resolución da directora xeral de AGADER de data 28 de decembro de 2020 (DOG nº 19 do 29.01.2021) e solicitar unha axuda por importe de 54.024,00 euros para o financiamento do proxecto “Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira)”.